

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

IRIXOA

Liquidacións padrón consumos de auga 2º semestre 2023

NOTIFICACIÓN COLECTIVA PADRÓN TAXA SERVIZO DE ABASTECIMENTO E CANON DA AUGA AUTONÓMICO,

2º SEMESTRE 2023

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local deste concello, adoptado en sesión do 30-1-2024, aprobouse o padrón da taxa polo servizo de abastecemento de auga potable de Ambroa, Churío, Coruxou, Irixoa, Mántaras, A Viña e Verís, 2º semestre 2023; procédese á notificación colectiva de tales liquidacións (360), de conformidade co establecido no art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como do período de cobranza (art. 88 do Regulamento Xeral de Recadación). Nas citadas liquidacións quedan integradas tanto as taxas municipais coma os dereitos autonómicos correspondentes ao canon da auga, establecidos en virtude da Lei 9/2010 e do Decreto 136/2012, con destino a Augas de Galicia; ambas liquidacións intégranse na mesma factura ou recibo de cada usuario.

PRAZO DE INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO: do 14 de febreiro ao 15 de abril do 2024, ambos os dous incluídos. Transcorrido este período iniciárase o período executivo, no cal determínase o dereito ao percibo das recargas establecidos no art. 28 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo dos intereses de demora e custas de procedemento. A falta de pagamento do canon da auga no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento ao contribuínte, realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

FORMA DE INGRESO: na conta municipal do Concello de Irixoa en Abanca.

O que se pon no coñecemento público e dos suxeitos pasivos das liquidacións, aos efectos de notificación colectiva.

Contra as liquidacións das taxas do servizo de abastecemento cabe interpoñer recurso de REPOSICIÓN no prazo de 1 MES, contado dende o seguinte á presente publicación, diante da Xunta de Goberno Local; unha vez resolto o anterior, de xeito expreso ou presunto, poderase interpoñer o recurso CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de 2 MESES, que se contará a partir do día seguinte da recepción da notificación da resolución do anterior (no caso de resolución presunta o prazo sería de 6 meses). Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente. A interposición dos recursos non suspende a eficacia administrativa das liquidacións.

Contra as liquidacións polo canon da auga autonómico, repercutidas conxuntamente nos recibos coas taxas municipais, poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 MES, contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio.

Irixoa, 2 de febreiro de 2024

O alcalde,

Antonio Deibe Sanmartín

O secretario-interventor,

Alejandro Alonso Figueroa

2024/803